



MA VIE EN ROSE

Bélxica | 1997 | 88 min | Drama

DIRECTOR Alain Berliner

GUIÓN Alain Berliner, Chris Vander Stappen (a partir dunha idea de Chris Vander Stappen)

MÚSICA Dominique Dalcan

FOTOGRAFÍA Yves Cape

INTÉRPRETES George du Fresne, Michèle Laroque, Jean-Philippe Ecoffey, Hélène Vincent, Daniel Hanssens, Laurence Bibot, Jean-François Gallote, Caroline Baehr, Julien Riviere, Marie Bunel

SINOPSE Ludovic é un neno coa mentalidade dunha nena. Para el, nada é máis natural ca cambiar o seu xénero. Como persoa esperanzada e sensible, cre de verdade que un milagre vai suceder. El será unha rapaza, sen ningunha dúbida, e triunfará o seu amor cara a Jérôme, o seu compañeiro da escola e o fillo do xefe do seu pai. O que inicialmente era unha fonte de diversión, convértese en aldraxe cando os dous rapaces son descubertos ao finxiren estar casados. A familia comeza a ver con horror que o desexo de Ludovic de ser unha rapaza non é soamente unha fantasía infantil e intenta, sen éxito, facer que cambie de parecer. A situación convértese nun drama por mor das reaccións adversas dos veciños, amigos e profesores.

MA VIE EN ROSE: DE NENA A MULLER

Sempre está ben rescatar do esquecemento esta moi notable película belga que Alain Berliner dirixiu hai dezasete anos. Foi, aínda que quede lonxe o seu éxito, unha das películas europeas máis recoñecidas daquela tempada, triunfadora nos Globos de Ouro e nun dos festivais categoría A, o Karlovy Vary. E unha das perlas que ese ano percorreron todos os certames internacionais, incluído o noso Cineuropa, onde gañou ese ano o Premio do Público.

Pero este ano en que vimos de asistir ao fenómeno de *Pelo malo*, a película da venezolana Mariana Rondón que gañou de modo insólito a Concha de Ouro no Festival de Donostia resulta dobremente oportuno contraporlle a beleza da película de Berliner, antecedente tamén doutros filmes como a arxentina *XXY*, de Lucía Puenzo e mais a francesa *Tomboy*, de Céline Sciamma.

Todas elas indagan no camiño do cinema de transxénero tratado na infancia dos seus personaxes; mais ningunha alcanza a singularidade poética e, asemade, a nada compracente crítica da homofobia ambiental de *Ma vie en rose*, lonxe da autosatisfacción infantil. Vista hoxe, sorprende primeiro que a carreira de Alain Berliner non despegase despois de semellante arranque imaxinativo. E dun dominio, un poderío de estilo que anunciaban



o cineasta, algo que logo non resultaría así (ou que, para ser precisos, relegaría a Berliner á categoría de directores dunha soa gran película).

Como foi filme auroral na súa clase, e até agora non se viu superado por ningún dos filmes subseguintes baixo o epígrafe de nena que trata de desprenderse da súa bioloxía parcialmente masculina, é normal que apeteza moito volver atoparnos con Ludovic e o seu conto de fadas. Unha historia que Berliner sabe conducir por dous camiños que, non só non se contradin, senón que enriquecen e demoucan os amplos e fermosos horizontes desta gran película: un é o mundo ideal que habita Ludovic, un universo que ritualiza o mundo perfecto até a súa mestura entre relato de amor príncipesco e sublimación mística, con aparición mariana, todo iso envelenado de rosas que aínda perduran na memoria.

E, crescendo ao seu ritmo, sen levar, Berliner non perde de vista o que sucede onde os cantos das sirenas do idealizado cosmos de Ludovic non se escoitan: na crueldade da contorna, na descarnada homofobia da manda humana que non entende de inocencias, interrompidas ou non. E aí, nesa dualidade tan honestamente construída, non presente nas outras películas que citamos con anterioridade (ou utilizada de maneira revirada, demagóxica, coma no caso de *Pelo malo* de Mariana Rondón) é onde radica o dereito de Berliner a envelenarnos de rosas sen que en ningún momento a súa película, tan bela coma cruel, tan necesaria agora coma en 1997, deixe rastro algún de fastío.



SINOPSIS Ludovic es un niño con la mentalidad de una niña. Para él, nada es más natural que cambiar su género. Como persona esperanzada y sensible, cree de verdad que un milagro va a suceder. Él será una muchacha, sin ninguna duda, y triunfará su amor hacia Jérôme, su compañero de la escuela y el hijo del jefe de su padre. Lo que

inicialmente era una fuente de diversión acaba convirtiéndose en ultraje cuando los dos muchachos son descubiertos fingiendo estar casados. La familia comienza a ver con horror que el deseo de Ludovic de ser una muchacha no es solamente una fantasía infantil e intenta, sin éxito, hacer que cambie de parecer. La situación deviene en drama a causa de las reacciones adversas de vecinos, amigos y profesores.

MA VIE EN ROSE: DE NIÑA A MUJER

Siempre está bien rescatar del olvido esta notabilísima película belga que Alain Berliner dirigió hace diecisiete años. Fue, aunque quede lejano su éxito, una de las películas europeas más reconocidas de aquella temporada, triunfadora en los Globos de Oro y en uno de los festivales categoría A, Karlovy Vary. Y una de las perlas que ese año recorrieron todos los certámenes internacionales, incluido nuestro Cineuropa, donde ganó ese año el Premio del Público.

Pero este año en que venimos de asistir al fenómeno de *Pelo malo*, la peliculita de la venezolana Mariana Rondón que ganó de modo insólito la Concha de Oro en el Festival de

San Sebastián resulta doblemente oportuno contraponerle la belleza de la película de Berliner, antecedente también de otros filmes como la argentina *XXY*, de Lucía Puenzo y la francesa *Tomboy*, de Cécile Sciamma.

Todas ellas indagan en el camino del cine de transgénero abordado en la infancia de sus personajes; pero ninguna alcanza la singularidad poética y, al tiempo, la nada complaciente crítica hacia la homofobia ambiental alejada de ronroneos infantiles de *Ma vie en rose*. Vista hoy, sorprende primero que la carrera de Alain Berliner no despegase después de semejante arranque imaginativo. Y de un dominio, un poderío de estilo que anunciaban cineasta, algo que luego no resultaría así (o que, para ser precisos, remitiría a Berliner a la categoría de directores de una sola gran película).

Como fue film auroral en su clase, y hasta ahora no se ha visto superado por ninguno de los films subsiguientes bajo el epígrafe de niña que trata de desprenderse de su biología parcialmente masculina, es normal que apetezca mucho volver a encontrarnos con Ludovic y su cuento de hadas. Una historia que Berliner sabe vehicular por dos caminos que, no solo no se contradicen, sino que enriquecen y desmochan los amplios y hermosos horizontes de esta gran película: uno es el mundo ideal que habita Ludovic, un universo que ritualiza el mundo perfecto hasta su mixtura entre relato de amor principesco y sublimación mística, con aparición mariana, todo ello envenenado de rosas que todavía perduran en la memoria.

Y, creciendo a su ritmo, sin levitar, Berliner no pierde de vista lo que sucede donde los cantos de las sirenas del idealizado cosmos de Ludovic no se escuchan: en la crueldad del entorno, en la descarnada homofobia de la jauría humana que no entiende de inocencias, interrumpidas o no. Y ahí, en esa dualidad tan honestamente construida, no presente en las otras películas que hemos citado con anterioridad (o utilizado de manera torticera, demagógica, caso del *Pelo malo* de Mariana Rondón) es donde radica el derecho de Berliner a envenenarnos de rosas sin que en ningún momento su película, tan bella como cruel, tan necesaria ahora como en 1997, deje rastro alguno de empalago.

José Luis Losa

